

# PREMIO ADIALA 2009 DE RELATO CURTO

O **Centro Galego de Mallorca** convoca por vez primeira o seu Premio ADIALA de relato curto co obxecto de promover a cultura galega e estimular a creatividade literaria.

## BASES:

1. Cada autor poderá presentar un único relato de temática libre, nas linguas galega, castelá ou catalana, con independencia da nacionalidade do autor. Os textos deberán ser inéditos en calquera lingua e non ter sido presentados a ningún outro certame.
2. A extensión dos relatos deberá situarse entre os 3.500 e os 4.500 caracteres. Os textos deberán remitirse por correo electrónico ao enderezo: [centrogalego.mallorca@gmail.com](mailto:centrogalego.mallorca@gmail.com). Xunto co relato deberá constar o nome completo do autor, o número de documento nacional de identidade ou pasaporte, enderezo e teléfono ou correo electrónico. Non se admitirán máis pseudónimos que os habituais, entendendo por pseudónimo habitual aquel que fora empregado cando menos dúas veces firmando libros xa publicados.

3. A data límite para aceptar orixinais é o 23 de novembro de 2009, inclusive. Os autores poderán solicitar recibo (vía mail) dos relatos presentados.
4. Establécese un primeiro premio dotado con CINCOCENTOS euros (500 euros), podendo concederse un accésit non pecuniario se así o entende oportuno o xurado.
5. O Centro Galego de Mallorca publicará nas páxinas da súa revista ADIALA e na web [cgmallorca.galiciaaberta.com](http://cgmallorca.galiciaaberta.com) os relatos premiados e outros relatos que sexan seleccionados polo xurado con este obxecto.
6. O xurado estará formado por persoas de recoñecido prestixio no ámbito das letras e darase a coñecer no intre e maneira que o Centro Galego de Mallorca coide axeitados.
7. O fallo do xurado será inapelable e farase público na segunda quincena de decembro de 2009 na páxina web do Centro Galego de Mallorca [cgmallorca.galiciaaberta.com](http://cgmallorca.galiciaaberta.com). Se procede, farase público tamén a través dalgún medio de comunicación das C. C. A. A. de Galicia e Baleares. O xurado poderá declarar deserto parcial ou totalmente o premio, en cuxo caso acumularase o importe ao do seguinte ano.
8. Calquera aspecto non previsto nas presentes bases será resolto polo xurado de acordo co seu criterio.



9. A participación neste certame supón a aceptación destas bases.

Palma de Mallorca, 14 de setembro de 2009.

**CENTRO GALEGO DE MALLORCA**

r/ Singladura, 2. Palma de Mallorca, 07610.